

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CERCEDA

Secretaría

Convocatoria Subvencións municipais a deportistas e ás entidades culturais ou deportivas para realizar actividades no ano 2017.

Convocatoria Subvencións municipais a deportistas e ás entidades culturais ou deportivas para realizar actividades no ano 2017.

Por decreto de alcaldía 568/2017, de 15 de setembro, aprobáronse as bases e a convocatoria para as subvencións municipais a deportistas e ás entidades culturais ou deportivas para realizar actividades no ano 2017, bases que se publican ós efectos de xeral coñecemento e de inicio de prazo de solicitude, que comenza a contar a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP

Cerceda, 15 de setembro de 2017.

O Alcalde-Presidente,

José García Liñares

Anexo

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A DEPORTISTAS E A ENTIDADES CULTURAIAS OU DEPORTIVAS PARA REALIZAR ACTIVIDADES NO ANO 2017

As subvencións que son obxecto desta convocatoria en materia de actividades socioculturais e deportivas e as bolsas para deportistas efectuaranse con cargo ás partidas orzamentarias que a continuación se especifican, e co límite da súa consignación orzamentaria:

Obxecto	Aplicación orzamentaria	Límite orzamentario
Actividades culturais	334.48000	7.600,00 euros
Actividades deportivas	341.48000	35.250,00 euros

Primeira.- Finalidade e obxecto

Serán obxecto de subvención as actividades ou investimentos que se leven a cabo dentro do ámbito municipal que teñan por fins os seguintes:

- Dinamizar a xuventude do Concello.
- Promocionar a cultura e o benestar social do Concello.
- Promocionar o deporte, o exercicio físico, o coidado da saúde etc.
- Apoiar as carreiras dos e das deportistas de Cerceda.

En xeral, non serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolvan fóra do termo municipal, agás aquelas que sexan consecuencia de intercambios deportivos ou culturais ou a participación en campionatos. Así mesmo, no caso dos/as deportistas deberán acreditar documentalmente a participación efectiva nas competicións/xornadas/campus deportivos nos que se queiran xustificar gastos de desprazamento, aloxamento e/ou manutención mediante os correspondentes xustificantes de asistencia ou participación. Non se subvencionarán os gastos, como comida ou bebidas, destinados a organización dos campionatos ou actividades para as que se solicita a subvención.

Os gastos susceptibles de subvención serán os que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 15 de decembro do 2017.

Segunda.- Entidades ou persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias as entidades públicas ou privadas que estean na situación que fundamenta a concesión da subvención, que cumpran o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 e que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións e entidades do Concello de Cerceda ou telo solicitado na data da petición.
 - b) Estar ao corrente da xustificación das subvencións concedidas no exercicio anterior ou ter solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada.
 - c) Non ter contraída ningunha débeda co Concello de Cerceda por ningún concepto, nin con calquera outra administración.
 - d) Poderán participar nesta convocatoria as e os deportistas de Cerceda non profesionais que destaquen por resultados en competicións oficiais e que estean en posesión da correspondente licenza federativa, e, empadroados/as no Concello de Cerceda cunha antigüidade de, polo menos, dous anos consecutivos, ao momento da solicitude.
2. Non poderán acceder á concesión das subvencións municipais reguladas na presente convocatoria as seguintes entidades:
- a) As entidades que por resolución firme fosen sancionadas por incumpriren as condicións previstas na autorización precisa para desenvolveren a actividade.
 - b) As entidades que se beneficien dunha subvención nominativa no orzamento do exercicio 2017 para esta mesma finalidade.
 - c) As entidades que perdesen o dereito a obter as subvencións como consecuencia do procedemento sancionador correspondente, e polo prazo establecido na resolución.
 - d) As entidades que, en virtude da normativa vixente, teñan limitado ou suprimido este dereito, e, especificamente, os recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003.

Terceira.- Presentación de solicitudes, prazo e documentación

1. As entidades culturais ou deportivas, e, os/as deportistas non profesionais deberán solicitar a subvención no prazo de 30 días naturais, que contarán a partir do día seguinte ao de se publicar esta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*, ben por presentación telemática na Sede electrónica municipal do Concello de Cerceda (<https://sede.cerceda.es>) ou presencial no Rexistro xeral do Concello de Cerceda e demais formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común.

2. Xunto co modelo de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

2.1. Documentación solicitude das Entidades culturais ou deportivas:

- a) A solicitude segundo o modelo, que se facilitará nas oficinas municipais, na páxina web municipal ou na Sede Electrónica Municipal. (ANEXO 1)
- b) Unha memoria explicativa da actividade ou investimento que se pretende realizar. O período para o desenvolvemento destas actividades/investimento abarcará dende o 1 de xaneiro ao 15 de decembro do ano en curso. (ANEXO 2)
- c) O orzamento de ingresos e de gastos, coa expresión da súa forma de financiamento (ANEXO 3)
- d) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración tributaria e coa administración autonómica. Comprobarase de oficio que as entidades están ao correntes das obrigas tributarias co Concello de Cerceda e declaración de subvencións solicitadas e/ou concedidas por outros organismos públicos ou privados para o mesmo fin. (ANEXO 4)
- e) Certificado do acordo de solicitude da subvención e nomeamento do representante (ANEXO5)
- f) Declaración dos/as membros das Xuntas directivas das entidades e autorización para a difusión de datos e da imaxe. (ANEXOS 6 e 7)

2.2. Documentación solicitude dos/as Deportistas non profesionais:

- a) Solicitude da subvención segundo o modelo normalizado (ANEXO 1)
- b) Certificado da federación deportiva correspondente no que constarán as participacións e os resultados máis salientables obtidos nas diferentes competicións coa especificación de datas, lugar e nivel e categoría de competición do/a deportista durante a tempada 2017.
- c) Proxecto deportivo a desenvolver durante o ano 2017, no que se incluírá: (ANEXO 8)
 - Detalle das competicións as que pretende asistir durante o ano 2017, coa expresión da súa denominación, data, lugar e número total de competicións.
 - Nivel da competición (provincial, autonómica, nacional)

- Categoría da competición
- d) Orzamento de gastos e ingresos estimados da tempada (ANEXO 9)
- e) Copia da licenza federativa para a tempada 2017
- f) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración tributaria e coa administración autonómica (ANEXO 10)
- g) Declaración responsable de que a persoa solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- h) Declaración responsable de que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (artigo 25 do Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- i) Declaración responsable das axudas ou subvencións solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade ou a declaración de non obter outras subvencións públicas e/ou privadas.
- j) Autorización para a difusión de datos e de imaxe (ANEXO 11)

Se a solicitude non reunise todos os datos de identificación da entidade solicitante ou a persoa solicitante non presentase toda a documentación esixida nestas bases, requiriráselle á entidade solicitante ou a persoa física para que corrixa a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo improrrogable de 10 días naturais. No requirimento apercibirase de que, se non o fixese, terase por desistida a súa petición logo dunha resolución e de acordo co establecido na Lei 39/2015, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e mais na Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Cuarta.-Órgano de Instrución. Comisión de valoración. Órgano resolutorio do procedemento

1. Corresponde a instrución do procedemento á Concellería de Cultura e Educación do Concello de Cerceda.
2. Corresponderá a avaliación das solicitudes presentadas á comisión de valoración que estará integrada por:
 - a) A Concelleira de Cultura: Dna. Cristina Capelán Cancelo
 - b) A Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Participación cidadá: Dna. María Viqueira Iglesias
 - c) A técnica da Área de Cultura e Educación: Dna. Carmen M. Prego Lamas
3. O órgano competente para a resolución do procedemento é a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía-Presidencia, mediante Decreto 849/2015, de 28 de setembro (BOP núm. 191 de 06 de outubro de 2015).

Quinta.- Prazo de resolución. Notificación. Publicidade.

A resolución do procedemento dictarase no prazo máximo de dous meses dende a finalización do período de solicitude. Nos 7 días hábiles seguintes, procederase á publicación da mesma na páxina web do Concello de Cerceda. A notificación realizarase dacordo co establecido no artigo 40 da Lei 39/2015.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interporñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía- Presidencia no prazo dun mes a contar dende a data seguinte de notificación da publicación da resolución; ou ben, directamente, Recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo correspondente.

A publicidade da concesión das subvencións seguirá o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda (BOP núm. 20, de 26 de xuño de 2014).

Así mesmo, remitirase a información precisa á BDNS para a súa publicación, de acordo co artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións.

Sexta.- Criterios de valoración

Ao abeiro do artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda (BOP núm. 120, de 26 de xuño de 2014) os criterios de valoración serán os seguintes e a súa ponderación relativa:

6.1. Subvencións ás Entidades culturais/deportivas:

- a) Grado de interese social ou sectorial da actividade que se propoña (Máx. 10 puntos)
- b) Grado de representatividade no municipio da asociación beneficiaria (Máx. 20 puntos):
 - Entidades de 100 ou máis socios/as (10 puntos)
 - Entidades de menos de 100 socios/as (5 puntos)

- Gozarán de especial consideración aquelas actividades que se aborden conxuntamente por varias entidades (10 puntos)

- c) Grado de coordinación e complementariedade cos programas municipais en cada sector de actividade (Máx. 10 puntos)
- d) Número estimado de beneficiarios/as, tanto directos como indirectos (Máx. 10 puntos)
- e) A capacidade económica do solicitante e as axudas que reciban doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade (Máx. 5 puntos)
- f) O carácter permanente ou periódico da actividade subvencionable, agás que se trate de actos puntuais e de carácter extraordinario que inciten á participación social, cultural ou deportiva (Máx. 5 puntos)

6.2. Subvencións a Deportistas non profesionais:

- a) Proxecto deportivo para a tempada 2017 (nivel, categoría e número de competicións) (Máx. 10 puntos)
- b) Participación en competicións no ano 2016: número, nivel (autonómico, provincial,...) e categoría (Máx. 10 puntos)
- c) Resultados obtidos pola/o deportista no ano 2016: Primeiros, segundos e terceiros premios (Máx. 10 puntos)
- d) Recoñecemento do/a deportista galego/a de alto nivel segundo Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte (Máx. 5 puntos)
- d) Valorar as/os deportistas daquelas disciplinas que non teñan representación en clubs deportivos a nivel local (Máx. 5 puntos)

Sétima.- Xustificación das axudas concedidas

1. Será de aplicación o Réxime de xustificación das subvencións recollido no Título IV da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda, publicada no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 120, de 26 de xuño de 2014.

2. O prazo límite de xustificación das axudas concedidas remata o **15 de decembro de 2017**.

3. As entidades e as persoas físicas beneficiarias das ditas subvencións deberán xustificar a subvención concedida coa aportación da seguinte documentación:

- Breve descrición da actividade realizada obxecto da subvención e relación de xustificantes que se achegan segundo o ANEXO 14 (entidades) e ANEXO 16 (deportistas)
- Facturas orixinais ou compulsadas da actividade efectivamente realizada
- Xustificantes bancarios do pagamento das facturas empregadas como xustificación.
- Declaración responsable de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e declración doutros ingresos obtidos para a realización da actividade subvencionada ANEXO 15 (entidades) e ANEXO 17 (deportistas)

Oitava.-

Será de aplicación a esta convocatoria, a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, no seu caso, e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda (BOP núm. 120, de 26 de xuño de 2014).

Cerceda, 15 de setembro de 2017

Alcalde-Presidente

José García Liñares

ANEXOS DA CONVOCATORIA

ANEXO 1: FORMULARIO SOLICITUDE PARA ENTIDADES E DEPORTISTAS

**Concello de Cerceda**

Avenida do Mesón, 21 15185 Cerceda - A Coruña

Tif. 981 685 001

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS

Gardar

SOLICITANTE			
NOME:		PRIMEIRO APELIDO:	
SEGUNDO APELIDO:		NIF/NIE:	
ENDEREZO POSTAL:			
CIDADE:		PROVINCIA:	
TELÉFONO FIXO:		TELÉFONO MÓBIL:	
CORREO ELECTRÓNICO:			
ENDEREZO ELECTRÓNICO HABILITADO:			

Actuando en nome propio
 Representando, en calidade de
 a:

INTERESADO			
NOME/RAZÓN SOCIAL:		PRIMEIRO APELIDO:	
SEGUNDO APELIDO:		NIF/CIF:	
ENDEREZO POSTAL:			
CIDADE:		PROVINCIA:	
TELÉFONO FIXO:		TELÉFONO MÓBIL:	
CORREO ELECTRÓNICO:			
ENDEREZO ELECTRÓNICO HABILITADO:			

CANLE DE NOTIFICACIÓN	
<input checked="" type="radio"/> Tradicional	
<input type="radio"/> Telemático	

DATOS SUBVENCIÓN	
SUBVENCIÓN SOLICITADA:	
IMPORTE SOLICITADO:	
ACTUACIÓNS / INVESTIMENTOS A REALIZAR:	

CONTA BANCARIA				
NÚMERO:	ENTIDADE	SUCURSAL	D.C.	NÚMERO DE CONTA
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TITULAR:				

**Concello de Cerceda**

Avenida do Mesón, 21 15185 Cerceda - A Coruña

Tif. 981 685 001

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que :

- Non solicitei, nin obtiven, subvencións para a mesma finalidade ao longo do presente ano
- Solicitei subvencións para a mesma finalidade, co seguinte detalle:

Organismo:			Resultado:	<input type="radio"/> Concedida	<input type="radio"/> Denegada	<input type="radio"/> En trámite
Importe solicitado:	€					
Organismo:			Resultado:	<input type="radio"/> Concedida	<input type="radio"/> Denegada	<input type="radio"/> En trámite
Importe solicitado:	€					
Organismo:			Resultado:	<input type="radio"/> Concedida	<input type="radio"/> Denegada	<input type="radio"/> En trámite
Importe solicitado:	€					

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

SOLICITA: A tenor dos datos expostos anteriormente, me sexa concedida a Subvención solicitada.**Gardar**

Cláusula xeral:

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollo por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

ENTIDADES 2017

ANEXO 2**A- MEMORIA EXPLICATIVA:**

1. Breve descripción da actividade/investimento que se pretende realizar:

2. Calendario:

3. Número de persoas que se beneficiarán da axuda:

4. Outra información:

ENTIDADES 2017

ANEXO 3**B- ORZAMENTO DA MEMORIA DE ACTIVIDADES/INVESTIMENTOS:****Gastos:**

Concepto	Importe (euros)

Total gastos: _____**Ingresos:**

Propios:	Importe (euros)
Outras subvencions	Importe (euros)

Total ingresos: _____

ENTIDADES 2017

ANEXO 4**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.^a _____, con
 DNI _____, en calidade de representante legal da
 Entidade _____ con CIF: _____,

DECLARO:

1.- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración tributaria e coa Administración autonómica, e fronte á Seguridade Social, (artigos 13.e), 14.b) e e) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións) nos termos previstos nos artigos 22 a 24 do Regulamento de desenvolvemento da citada lei.

2.- Que a entidade non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- Que a entidade está ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (artigo 25 do Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, xeral de subvencións).

4.- Que para a mesma finalidade (marcar o que corresponda):

- Non se obtiveron outras subvencións ou axudas públicas e/ou privadas
- Obtivéronse as seguintes axudas ou subvencións:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE PAGADO

En _____, a día _____ de _____ de 2017
 (SIGNATURA)

Asinado:

ENTIDADES 2017

ANEXO 5**Certificación do acordo de solicitude, nomeamento do representante, número de socios e compromisos asumidos**

D./D.^a _____, con
DNI _____, como secretario/a da entidade

CERTIFICO:

1. Que na reunión da Xunta directiva da mencionada entidade, de data _____, adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude:

2. Que na dita reunión, acordouse nomear a

D/Dna _____ como representante para as relacións desta entidade co Concello de Cerceda.

3. Que o número de socios da entidade é de

Certificado que asino, para os efectos de solicitude de subvención.

En _____, a día _____ de _____ de 2017

Vº e pr.

O/a presidente/a

O/a secretario/a

ENTIDADES 2017

ANEXO 6

D./D.^a _____, con
 DNI _____, en calidade de representante legal da
 Entidade _____ con CIF: _____,

DECLARO:

Que as persoas que se relacionan a continuación forman parte da entidade e desempeñan os cargos que se indican:

NOME E APELIDOS	DNI	CARGO
		PRESIDENTE/A
		SECRETARIO/A
		TESOUREIRO/A

A data de nombramento desta Xunta directiva é:

Que coñecen e aceptan as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.

Cerceda, _____ de _____ de 2017
 (sinatura)

ANEXO 7

D./D.^a _____, con
 DNI _____, en calidade de representante legal da
 Entidade _____ con CIF: _____,

Autorizo:

Ao Concello de Cerceda a publicar na súa páxina web oficial os seguintes datos da entidade e a difusión das actividades e os eventos.

Cerceda, _____ de _____ de 2017
 (sinatura)

AVISO LEGAL

De conformidade co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Caracter Personal, informase de que os datos de carácter personal declarados nesta solicitude pasarán a formar parte do ficheiro denominado "Rexistro de beneficiarios das subvencións deportivas e culturais do Concello de Cerceda". O órgano da administración responsable do ficheiro é o concelleiro/a delegado/a correspondentes e a finalidade do ficheiro é o da xestión da información relativa á convocatoria de subvencions..

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos persoais declarados poderanse exercer no Rexistro Municipal do Concello de Cerceda (Avenida do Mesón, 21) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da dita Lei Orgánica 15/1999.

DEPORTISTAS 2017

ANEXO 8

HISTORIAL DEPORTIVO 2016**1. DATOS DO/A DEPORTISTA:**

APELIDOS E NOME			
DATA NACEMENTO		NIF:	
ENDEREZO POSTAL		CP:	
CORREO ELECTRÓNICO		TELÉFONO:	
DISCIPLINA DEPORTIVA			
CLUB			

2. RELACIÓN DE COMPETICIÓN DEPORTIVAS NAS QUE PARTICIPOU TEMPADA 2016

2.1. Número total de competicións nas que participou o/a deportista 2016: _____

2.2. Relación de competicións deportivas nas que participou o/a deportista e resultados obtidos: *(CUBRIR TANTOS APARTADOS COMO COMPETICIÓN NAS QUE PARTICIPOU)*

DENOMINACIÓN COMPETICIÓN:	
LUGAR E DATAS CELEBRACIÓN	
NIVEL E CATEGORÍA (provincial, autonómico,...)	
RESULTADOS OBTIDOS POLO/A DEPORTISTA	

DENOMINACIÓN COMPETICIÓN:	
LUGAR E DATAS CELEBRACIÓN	
NIVEL E CATEGORÍA (provincial, autonómico,...)	
RESULTADOS OBTIDOS POLO/A DEPORTISTA	

DENOMINACIÓN COMPETICIÓN:	
LUGAR E DATAS CELEBRACIÓN	
NIVEL E CATEGORÍA (provincial, autonómico,...)	
RESULTADOS OBTIDOS POLO/A DEPORTISTA	

DENOMINACIÓN COMPETICIÓN:	
LUGAR E DATAS CELEBRACIÓN	
NIVEL E CATEGORÍA (provincial, autonómico,...)	
RESULTADOS OBTIDOS POLO/A DEPORTISTA	

Nº páxina Historial:

DEPORTISTAS 2017

ANEXO 9

PROXECTO DEPORTIVO 2017**1. DATOS DO/A DEPORTISTA:**

APELIDOS E NOME			
DATA NACEMENTO		NIF:	
ENDEREZO POSTAL		CP:	
CORREO ELECTRÓNICO		TELÉFONO:	
DISCIPLINA DEPORTIVA			
CLUB			

2. PROGRAMACIÓN DE CAMPIONATOS E EVENTOS DEPORTIVOS NOS QUE PARTICIPARÁ O/A DEPORTISTA TEMPADA 2017

2.1. Relación de competicións deportivas nas que participou o/a deportista e resultados obtidos: *(CUBRIR TANTOS APARTADOS COMO COMPETICIÓN NAS QUE TEN PREVISTO PARTICIPAR)*

DENOMINACIÓN COMPETICIÓN:	
LUGAR E DATAS CELEBRACIÓN	
NIVEL E CATEGORÍA (provincial, autonómico,...)	
RESULTADOS OBTIDOS POLO/A DEPORTISTA	

DENOMINACIÓN COMPETICIÓN:	
LUGAR E DATAS CELEBRACIÓN	
NIVEL E CATEGORÍA (provincial, autonómico,...)	
RESULTADOS OBTIDOS POLO/A DEPORTISTA	

DENOMINACIÓN COMPETICIÓN:	
LUGAR E DATAS CELEBRACIÓN	
NIVEL E CATEGORÍA (provincial, autonómico,...)	
RESULTADOS OBTIDOS POLO/A DEPORTISTA	

DENOMINACIÓN COMPETICIÓN:	
LUGAR E DATAS CELEBRACIÓN	
NIVEL E CATEGORÍA (provincial, autonómico,...)	
RESULTADOS OBTIDOS POLO/A DEPORTISTA	

Nº páxina Proxecto:

DEPORTISTAS 2017

ANEXO 10

C- ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS ESTIMADOS DA TEMPADA:

Gastos:

Concepto	Importe (euros)

Total gastos: _____

Ingresos:

Propios:	Importe (euros)
Outras subvencions	Importe (euros)

Total ingresos: _____

DEPORTISTAS 2017

ANEXO 11**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.^a _____, con
 DNI _____, en calidade de representante legal da
 Entidade _____ con CIF: _____,

DECLARO:

1.-Que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración tributaria e coa Administración autonómica, e fronte á Seguridade Social, (artigos 13.e), 14.b) e e) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións) nos termos previstos nos artigos 22 a 24 do Regulamento de desenvolvemento da citada lei.

2.- Que a persoa solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- Que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (artigo 25 do Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, xeral de subvencións).

4.- Que para a mesma finalidade (marcar o que corresponda):

- Non se obtiveron outras subvencións ou axudas públicas e/ou privadas
- Obtivéronse as seguintes axudas ou subvencións:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE PAGADO

En _____, a día _____ de _____ de 2017
 (SINATURA)

Asinado:

DEPORTISTAS 2017

ANEXO 12D./D.^a _____, con

DNI _____,

Autorizo:

Ao Concello de Cerceda a difusión da imaxe daquelas actividades ou eventos deportivos nos que participe coa finalidade de promocionar o deporte e os deportistas a nivel local

Cerceda, _____ de _____ de 2017

(sinatura)

AVISO LEGAL

De conformidade co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Caracter Personal, informase de que os datos de carácter personal declarados nesta solicitude pasarán a formar parte do ficheiro denominado "*Rexistro de beneficiarios das subvencións deportivas e culturais do Concello de Cerceda*". O órgano da administración responsable do ficheiro é o concelleiro/a delegado/a correspondentes e a finalidade do ficheiro é o da xestión da información relativa á convocatoria de subvencions..

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos persoais declarados poderanse exercer no Rexistro Municipal do Concello de Cerceda (Avenida do Mesón, 21) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da dita Lei Orgánica 15/1999.

ANEXO 13

Procedemento:

**SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN
PARA ACTIVIDADES CULTURAIS E/OU DEPORTIVA ÁS ENTIDADES 2017**

D./Dña _____ representan
te legal da _____ (nome da entidade
deportiva/cultural) con CIF: _____ e inscrita no Rexistro Municipal de
Asociacións do Concello de Cerceda.

SOLICITA

A prórroga do prazo de xustificación da subvención concedida polo Concello de Cerceda para a realización de actividades culturais e /ou deportivas para o ano 2015, de acordo co artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda (BOP núm. 120 de 26 de xuño de 2014).

A documentación xustificativa entregarse, improrrogablemente, antes do 31 de xaneiro de 2018.

Cerceda, _____ de _____ de 2017
(sinatura)

ALCALDE DO CONCELLO DE CERCEDA (A CORUÑA)

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICACIÓN

1. Será de aplicación o Réxime de xustificación das subvencións recollido no Título IV da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda, publicada no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 120, de 26 de xuño de 2014.

2. O prazo límite de xustificación das axudas concedidas remata o **15 de decembro de 2017**.

3. As entidades e as persoas físicas beneficiarias das ditas subvencións deberán xustificar a subvención concedida coa aportación da seguinte documentación:

- Breve descrición da actividade realizada obxecto da subvención e relación de xustificantes que se achegan segundo o ANEXO 14 (entidades) e ANEXO 16 (deportistas)
- Facturas orixinais ou compulsadas da actividade efectivamente realizada
- Xustificantes bancarios do pagamento das facturas empregadas como xustificación.
- Declaración responsable de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e declración doutros ingresos obtidos para a realización da actividade subvencionada ANEXO 15 (entidades) e ANEXO 17 (deportistas)

O prazo de xustificación rematará o 15 de decembro de 2017.

ANEXO 14

Procedemento

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES CULTURAIS / DEPORTIVAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS, ANO 2017

Datos da entidade

Denominación		CIF
Enderezo		Localidade
Número de rexistro de asociacións do Concello de Cerceda	Código postal	Teléf.
Correo electrónico	FAX	Teléf.

Datos bancarios (hai que indicar o número de conta da entidade)

Código cuenta cliente (CCC - IBAN)												
Código país		Entidade		Sucursal		D.C.		Número de conta				

Referencia	Ano de concesión	Importe concedido (€)
Finalidade da subvención		Importe a xustificar (€)

Breve descripción xustificativa das actividades desenvoltas coa subvención:

--

Xustificantes que se achegan

Núm.	Concepto	Importe (€)

TOTAL: ...

Cerceda, _____ de _____ de 2017

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CERCEDA (A Coruña)

ENTIDADES 2017

ANEXO 15

D./D.^a _____, con
 DNI _____, en calidade de representante legal da
 Entidade _____ con CIF: _____,

DECLARO:

1. Que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración tributaria e coa Administración autonómica e fronte á Seguridade Social.
2. Que de acordo coas bases da convocatoria a entidade realizou as actividades subliñadas na solicitude da subvención , conforme ao orzamento presentado.
3. Que para a mesma finalidade (marcar o que corresponda):
 - Non se obtiveron outras subvencións ou axudas públicas e/ou privadas
 - Obtivéronse as seguintes axudas ou subvencións:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE PAGADO

Cerceda, _____ de _____ de 2017

(Sinatura)

ANEXO 16

Procedemento XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN A DEPORTISTAS ANO 2017

Datos da persoa beneficiaria:

Apelidos e Nome:	NIF	
Enderezo	Localidade	
Correo electrónico	Código postal	Teléf.

Datos bancarios (hai que indicar o número de conta, os 24 díxitos, da que é titular a entidade solicitante)

Código cuenta cliente (CCC - IBAN)													
Código país			Entidade			Sucursal			D.C.		Número de conta		

Referencia	Ano de concesión	Importe concedido (€)
Finalidade da subvención		Importe a xustificar (€)

Breve descripción xustificativa das actividades/competicións deportivas desenvoltas coa subvención:

--

Xustificantes que se achegan

Núm.	Concepto	Importe (€)

TOTAL: ...

Cerceda, _____ de _____ de 2017

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CERCEDA (A Coruña)

DEPORTISTAS 2017

ANEXO 17

D./D.^a _____, con
DNI _____, beneficiario/as da Convocatoria 2017 de Subvencións a
deportistas non profesionais do Concello de Cerceda.

DECLARO:

1. De acordo coa Convocatoria de Subvencións Municipais a deportistas e ás entidades culturais ou deportivas para realizar actividades no ano 2016, que desenvolvín as actividades obxecto da Subvención conforme ao orzamento presentado.
2. Que estou ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
3. Que para a mesma finalidade (marcar o que corresponda):
 - Non se obtiveron outras subvencións ou axudas públicas e/ou privadas
 - Obtivéronse as seguintes axudas ou subvencións:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE PAGADO

Cerceda, _____ de _____ de 2017
(Sinatura)

2017/7864